

## COMEZO CURSO 2020-2021



Ola, familias!

Ante todo, esperamos que todos esteades ben.

Como moitos de vós sabedes, esta ANPA é a responsable da xestión e organización do **servizo de almorzos e actividades extraescolares**.

Sendo conscientes da incerteza que está xerando o comezo do vindeiro curso escolar, poñémonos en contacto con vós para comunicarvos a nosa decisión de non organizar estes servizos, confiando en voltar á actividade “normal” cando os protocolos de actuación establecidos sexan máis seguros para todos.

Temos en conta que para moitos de vós, esta situación pode levar moitos problemas á hora de conciliar, pero agardamos que entendades que é unha decisión moi meditada, consensuada co centro, e tendo en conta as circunstancias actuais.

Para calquera dúbida ou suxestión, estamos, coma sempre, á vosa disposición.

Grazas pola vosa comprensión e colaboración.

Atentamente,

ANPA A Solaina